

Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicador de sentimento do sector servizos de Galicia

Datos correspondentes ao primeiro trimestre do ano 2024

Resumo de resultados 16/05/2024

ÍNDICE

Introdución	1
Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas	1
Estudo da utilización da capacidade produtiva das empresas galegas do sector servizos	4
Indicador de sentimento harmonizado do sector servizos	4

Introdución

A [Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas, grao de utilización da capacidade produtiva e indicador de sentimento do sector servizos de Galicia](#) é unha operación estatística na que se enmarcan tres estudos:

- Estudo sobre vacantes ou ofertas de emprego nas empresas galegas.
- Estudo da utilización da capacidade produtiva das empresas galegas do sector servizos.
- Obtención do indicador de sentimento harmonizado das empresas galegas de servizos.

Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas

Segundo o Regulamento (CE) No 453/2008 do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de abril de 2008 relativo ás estatísticas trimestrais sobre vacantes de emprego na Comunidade, unha vacante defínese do seguinte xeito: Vacante de emprego refírese a un posto remunerado creado recentemente ou non ocupado, ou que está a punto de quedar libre, para o que o empregador:

- a. está tomando medidas activas e está preparado para tomar outras co obxecto de atopar un candidato idóneo alleo á empresa en cuestión, e
- b. ten a intención de cubri-lo inmediatamente ou nun prazo de tempo determinado

No primeiro trimestre de 2024 había en Galicia 11.359 vacantes nas empresas de 10 ou máis asalariados. O número de vacantes diminuíu en 2.482 con respecto do mesmo trimestre do ano anterior (13.841)

No primeiro trimestre de 2024, o 28,7 % das vacantes requirían titulación STEM¹. Esta porcentaxe sube con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, no que o 19,7 % das vacantes requirían titulación STEM.

Número de vacantes nas empresas de 10 ou máis asalariados. Galicia.

Unidade: número


	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I	TAXA DE VARIACIÓN INTERANUAL DO 2024/I
VACANTES	15.354	13.565	12.355	11.359	-17,93
VACANTES STEM	3.584	3.554	3.272	3.258	19,78

Fonte: Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas ([descarga da táboa](#))

As empresas con maior número de asalariados son as que teñen máis vacantes e as máis pequenas as que teñen menos necesidade de cubrir postos vacantes.

Empresas sen vacantes ao final de cada trimestre. Galicia.

Unidade: porcentaxes




O principal motivo polo que as empresas non tiñan vacantes foi “Non se necesita ningunha persoa máis”, que superou o 85 % no primeiro trimestre de 2024 .

¹STEM é un acrónimo dos termos en inglés Science, Technology, Engineering and Mathematics (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas).

Motivos polos que as empresas non tiñan vacantes. Galicia.

Unidade: porcentaxes



No primeiro trimestre de 2024 o 25,1 % das empresas con vacantes aínda tiñan sen cubrir as do trimestre anterior. Esta porcentaxe foi do 18,9 % no primeiro trimestre do ano anterior.

O motivo máis indicado en todos os trimestres como causante de non ter cubertas as vacantes foi a falta de persoas con formación axeitada (sen ter en conta a formación STEM e a capacitación dixital); a porcentaxe foi de 38,8 % no primeiro trimestre, algo superior a do mesmo trimestre do ano anterior (34,7%).

Motivos polos que as empresas con vacantes non puideron cubrilas. Galicia.

Unidade: porcentaxes

Motivos	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I
Falta de persoas candidatas con titulación superior STEM	14,29	22,50	21,43	18,45
Falta de persoas candidatas con preparación dixital suficiente	6,25	11,25	8,33	6,80
Falta de persoas candidatas con formación axeitada non incluída nos dous anteriores	29,46	28,75	35,71	38,83
As persoas candidatas non consideraron axeitadas as condicións económicas	15,18	13,75	20,24	16,50
As persoas candidatas non consideraron idóneas outras circunstancias do posto	22,32	12,50	21,43	24,27
Outros	47,32	43,75	40,48	33,01

Fonte: Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas ([descarga da táboa](#))

Estudo da utilización da capacidade produtiva das empresas galegas do sector servizos

No primeiro trimestre de 2024, o 59,8 % das empresas empregan as súas instalacións, maquinaria e/ou equipamento máis do 75 %. Esta porcentaxe incrementouse con respecto do mesmo trimestre do ano anterior, no que a porcentaxe de empresas que empregaba as súas instalacións, maquinaria e/ou equipamento máis do 75 % era do 57,4 %

Grao de utilización das instalacións, maquinaria e/ou equipamento. Galicia.

Unidade: porcentaxes

	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I
Menos do 25 %	9,28	7,77	7,20	5,85
Entre o 25 % e 50 %	9,79	10,53	14,64	14,89
Entre 50 % e 75 %	24,48	25,31	19,85	19,41
Máis do 75 %	56,44	56,39	58,31	59,84

Fonte: Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas
[\(descarga da táboa\)](#)

No que respecta ao grao de ocupación do persoal, no primeiro trimestre de 2024, o 71,5 % das empresas empregan ao seu persoal máis do 75 %.

Grao de utilización do persoal. Galicia.

Unidade: porcentaxes

	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I
Menos do 25 %	7,47	7,52	4,71	5,05
Entre o 25 % e 50 %	7,73	7,77	10,42	7,45
Entre 50 % e 75 %	17,27	18,55	16,63	15,96
Máis do 75 %	67,53	66,17	68,24	71,54

Fonte: Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas
[\(descarga da táboa\)](#)

Indicador de sentimento harmonizado do sector servizos

Calculando a diferenza entre a porcentaxe de empresas con resposta favorable e a porcentaxe de empresas con resposta desfavorable nos items do indicador de sentimento económico para o sector servizos (economic sentiment indicator for the services sector ou ESI.SERV) calcúlanse os seguintes indicadores:

Indicador de sentimento harmonizado do sector servizos (balance). Galicia.

Unidade: porcentaxes

	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I
Percepción da situación empresarial no trimestre en curso	4,39	5,69	1,40	2,90
Percepción da evolución da demanda de servizos no trimestre en curso	10,64	11,19	4,03	0,57
Previsión da evolución da demanda no próximo trimestre	20,02	5,92	-0,90	20,13

Fonte: Enquisa sobre vacantes nas empresas galegas [\(descarga da táboa\)](#)

A percepción nas empresas galegas de servizos da situación empresarial mantense en valores positivos nos catro últimos trimestres. O mesmo ocorre coa percepción da evolución da demanda de servizos.

A previsión da evolución da demanda para o próximo trimestre acadou o valor 20,1% no primeiro trimestre de 2024, este valor positivo retoma a senda do ano 2023, no que este indicador acadou valores positivos nos tres primeiros trimestres.